



# PLAN DE IGUALDADE 2019-2020

## INDICE

### 1.INTRODUCCIÓN.

### 2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

### 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA.

### 4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN.

- 4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- 4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
- 4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- 4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

### 5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS

- 5.1. Organización do centro.
- 5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.
- 5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.
- 5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

### 6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

## 1.- INTRODUCCIÓN

Educación é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducación implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo.

A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero.

Co obxectivo de inverter esta tendencia a coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables, posto que non cabe dúbida de que todo o que ocorre no colexio é un reflexo do que ocorre na sociedade, nun principio como espello e despois como reflexión de volta cara á sociedade de novo. Se somos capaces de transmitirle ao alumnado do noso centro educativo valores baseados na paz e na igualdade, a sociedade do futuro será pacífica e igualitaria. Se non traballamos por unha verdadeira e efectiva coeducación non conseguiremos unha verdadeira transformación da sociedade e polo tanto unha igualdade real. Cómpre ter en conta que as aulas son tan diversas como o é a sociedade; con todo, ás veces a diversidade, como é o caso da afectivo-sexual, aínda non se visibiliza nin se respecta, senón que se rexeita por contravir “o correcto” e “o normal”. De aí a importancia de traballar esa diversidade desde o sistema educativo. É preciso polo tanto prestar atención ao proceso de convivencia no centro educativo para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e favorecer deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.

Por todo o exposto é necesario e imprescindible elaborar un plan específico de Igualdade no ámbito educativo abordando a temática da coeducación e a prevención da violencia de xénero desde unha perspectiva estrutural, integral e transversal, no que se recollan de forma sistemática as medidas que se van desenvolver nas diferentes áreas do ámbito educativo dirixidas a alumnado, profesorado e equipos de orientación.

O camiño para avanzar cara á igualdade é a educación. O respecto, a liberdade e a igualdade son tres dos piares básicos. Desde as aulas podemos ensinarlles aos nenos e ás nenas a ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuizos e estereotipos.

## **2.-Contextualización normativa e de centro**

O desexo de construción dunha sociedade igualitaria por razón de xénero non nace só da vontade das autoridades públicas, senón que ademais ten un marco normativo, tanto estatal como autonómico, no que se ampara. Máis alá do principio lexislativo de transversalidade, que obriga a que a que o obxectivo da igualdade de xénero estea presente en todas as políticas públicas e na acción administrativa, no caso concreto da educación, o lexislador asume a súa importancia estratéxica para a consecución da igualdade.

**A Constitución española de 1978** recoñeceu no artigo 14 a igualdade ante a lei por razón de sexo, pero, máis alá dese recoñecemento formal, estableceuse no artigo 9.2 que é unha obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva e, de xeito moi similar, o noso Estatuto de autonomía atribúelles a mesma obriga aos poderes públicos no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, de tal xeito que a promoción da igualdade debe estar presente en toda a actividade administrativa autonómica e en concreto na que ten que ver coa regulación e co fomento da educación, materia na que tamén o Estatuto atribúe competencia plena á nosa Comunidade Autónoma en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades sen prexuízo do disposto na Constitución e nas leis orgánicas para a competencia estatal.

No marco da Unión Europea, a igualdade entre homes e mulleres constitúe un dos principios de actuación das institucións comunitarias que deben ter presente en todas as súas accións. Isto figura recollido no artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. No eido concreto da educación a Resolución do Parlamento Europeo,

do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes despois de 2015 considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

## **NORMATIVA ESTATAL**

Constitución española de 1978

**Lei orgánica 3/2007**, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

*Artigo 23. A educación para a igualdade de mulleres e homes.*

*Artigo 24. Integración do principio de igualdade na política de educación.*

**Lei orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación.

**Lei orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

**Lei orgánica 5/2002**, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional

**Lei orgánica 1/2004**, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero

## **NORMATIVA AUTONÓMICA**

No ámbito autonómico son moitas as disposicións normativas que recollen instrumentos para acadar unha educación e formación en igualdade entre mulleres e homes. Así, o **Decreto lexislativo 2/2015**, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece:

*Artigo 17. O currículo regulador do sistema educativo.*

*Artigo 18. Erradicación de prexuizos nos centros docentes.*

**Lei 11/2007** do 27 de xullo de Galicia para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

**Lei 2/2014** do 14 de abril pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.

**Artigo 22. Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos.**

**Artigo 23. Actitudes.**

**Artigo 24. Formación do persoal docente.**

**Artigo 25. Divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA.**

**Artigo 26. Combater o acoso e favorecer a visibilidade.**

**Decreto 105/2014 do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Lei orgánica 6/1891** do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia.

## **Nos plans e proxectos de centro**

No **Plan de convivencia do centro** podemos nomear os seguintes obxectivos e accións encamiñadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e a previr a violencia de xénero:

### **Obxectivo:**

Avanzar na idea de que a multiculturalidade e as diferenzas individuais son valores de convivencia.

### **Accións de educación non sexista:**

- Proxección de películas alusivas ao tema: “Billy Elliot”, “Quero ser como Beckam”, “Mulan”...
- Apoiar o uso non sexista dos xogos populares no patio de recreo.
- Promover traballos de investigación, manifestos, etc, que se refre xen no traballo de aula, na páxina Web do colexio, na Revista VALÓN.COM...
- Converter este aspecto da educación nun dos máis relevantes de entre os temas transversais dos currículos escolares.

- Promover a presenza no colexio de mulleres que rachen cos estereotipos sexistas.
- Contribuír á eliminación da linguaxe sexista no seu uso cotiá de toda a comunidade educativa.
- Promover a presenza dos pais (homes) nas entrevistas de seguimento escolar dos nenos e nenas.
- Facer do patio de recreo un lugar favorable á coeducación, COS PATIOS AMIGOS.
- Promover obradoiros ao redor do tema para pais, nais e titores/as legais.

### **No Plan de acción tutorial:**

#### **Obxectivo:**

Facilita-la integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica do colexio.

#### **Accións co alumnado:**

- Favorecer no alumno e alumna o coñecemento e aceptación de si mesmo.
- Promover e desenvolver actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación do alumnado na vida do centro.

#### **Accións coas familias:**

- Coordinar charlas sobre temas formativos o informativos de interés xeral ás familias: coeducación, hábitos hixiánicos, alimentarios, de estudio, etc.

### **Nas Normas de organización e funcionamento de centro (NOF):**

#### **A. Dereitos do alumnado**

A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade, nun ambiente educativo de convivencia escolar.

A non ser discriminado por razón de nacemento; raza; sexo, identidade de xénero ou orientación sexual; capacidade económica;nivel social; conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra circunstancia social ou persoal.

Ao establecemento de medidas compensatorias, dentro das posibilidades reais do centro escolar, que garantan a igualdade real e efectiva de oportunidades educativas.

#### B. Deberes do alumnado

Non discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razóns de nacemento, raza, sexo, identidade de xénero ou orientación sexual ou por calquera circunstancia persoal ou social.

#### C. Normas xerais de convivencia

A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

O respecto pola identidade de xénero.

### 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA.

A fase de diagnóstico é fundamental para coñecer a situación do centro en relación coa igualdade entre mulleres e homes. Para diagnosticar é necesario observar e analizar o centro no seu conxunto prestando especial atención ás relacións, comportamentos e actitudes que teñen lugar nel, non só entre os estudantes, senón tamén entre profesores e persoal de administración e servizos sen esquecer as familias dos estudantes. En xeral implica recoller información sobre diversos aspectos do contorno educativo nos que a vida escolar desenvólvese e analízase desde a perspectiva de xénero.

Mentres neste apartado teremos en conta a observación directa do alumnado nos períodos lectivos e lúdicos, as entrevistas e conclusións das/as titoras/es neste sentido, os estadillos de participación das familias, o grao de representación do profesorado, os rexistros de condutas contrarias á convivencia e o uso dos espazos escolares e extraescolares.

#### **DEBILIDADES**

- ✓ Participación maioritariamente feminina nas reunións individuais de familias.
- ✓ Libros de texto e material curricular impreso que conteñan estereotipos sexistas e con escasos exemplos de diversidade.



**FORTALEZAS**

- ✓ Representación maioritariamente feminina por parte do profesorado.
- ✓ Equilibrio nas distintas comisións e dinamizacións (coordinacións e responsabilidades)
- ✓ Paridade na porcentaxe nenas - nenos.
- ✓ Escasa incidencia de conflictividade escolar.
- ✓ Reparto e uso compartido dos espazos lúdicos.
- ✓ Reparto equitativo nas distintas actividades extraescolares.
- ✓ Uso dunha linguaxe non sexista e inclusiva por parte do profesorado (no día a día da aula e na cartelería).
- ✓ Fomento do xogo popular como elemento dinamizador de roles non sexistas.
- ✓ Participación en actos e celebracións relacionados coa igualdade.
- ✓ Traballo a nivel de aula fomentando actitudes de respecto.

**4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN.****4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.**

- ✓ Garantir a incorporación e a perspectiva de xénero e igualdade de portunidades a través dos documentos organizativos do centro.
- ✓ Fomentar a elaboración, elección e uso de materiais didácticos inclusivos.
- ✓ Promover a participación e implicación das familias no traballo coeducativo.
- ✓ Dar visibilidade as boas prácticas coeducativas en materia de igualdade.
- ✓ Participación de distintos axentes sociais que permitan visibilizar a diversidade.
- ✓ Visibilizar e eliminar os estereotipos da sociedade en canto a roles profesionais de xénero.

**4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.**

- ✓ Realizar actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa, en ambientes de socialización reais e cibernéticos (redes sociais, videoxogos, etc).

- ✓ Facilitar orientacións para a comunidade educativa que permitan a detección precoz daquelas condutas relacionadas coa violencia de xénero.
- ✓ Correlación con outros programas, proxectos e plans de centro en relación coa diversidade e convivencia.
- ✓ Aplicar o Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia, adaptado ás Leis 39/2015 e 40/2015.

#### **4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.**

- ✓ Establecer contextos de socialización que permitan o coñecemento e a convivencia.
- ✓ Participación de distintos axentes sociais que permitan visibilizar a diversidade afectivo-sexual.

#### **4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.**

- ✓ Realizar actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa.
- ✓ Facilitar orientacións para a comunidade educativa que permitan a detección precoz daquelas condutas de LGBTIfobia.
- ✓ Correlación con outros programas, proxectos e plans de centro en relación co LGBTI.
- ✓ Aplicar o Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.

### **5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS**

#### ***5.1. Organización do centro.***

- ✓ Favorecer a representación equitativa de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación (órganos colexiados, órganos non colexiados, coordinacións, dinamizacións, etc).
- ✓ Dar visibilidade á persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.
- ✓ Difundir o Plan de Igualdade entre a comunidade educativa.
- ✓ Promover e impulsar a formación do profesorado, do alumnado e as familias en materia de igualdade.

- ✓ Empregar unha linguaxe inclusiva, non sexista e igualitaria nas distintas tarefas do centro.
- ✓ Colaborar e solicitar apoio por parte doutras entidades en materia de actividades coeducativas.
- ✓ Concretar e organizar actividades arredor das seguintes datas:
  - 20 de novembro, día universal del niño
  - 25 de novembro, día da non violencia de xénero
  - 3 de decembro día internacional das persoas con discapacidade
  - 10 de decembro, día da declaración dos dereitos humanos
  - 30 de xaneiro, día da paz
  - 13 e 14 de febreiro, ponte no meu lugar
  - 8 de marzo, día da muller traballadora
  - 2 de maio día internacional contra o acoso escolar.
  - 12 de maio, día das familias.
- ✓ Revisar e actualizar o material didáctico con perspectiva de xénero.

### ***5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.***

- ✓ Revisar as programacións didácticas desde unha perspectiva de xénero, incluíndo a mulleres relevantes nos distintos ámbitos do saber.
- ✓ Realizar actividades de sensibilización na aula.
- ✓ Realizar actividades de información e sensibilización en colaboración coas familias.
- ✓ Realizar lecturas e recomendacións dende a biblioteca escolar para eliminar estes estereotipos.

### ***5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.***

- ✓ Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.

### ***5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.***

- ✓ Promover a corresponsabilidade na realización de tarefas.
- ✓ Promover actividades de titor/a- titorizado/a onde o respecto e a convivencia sexa un eixe fundamental.
- ✓ Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.
------------------------------

Para determinar o bo funcionamento dun plan precisamos dunha serie de indicadores que nos permitan determinar a idoneidade das medidas postas en práctica ou aquelas propostas de mellora de cara os seguintes cursos.

<b>MEDIDAS DE ACTUACIÓN</b>	<b>INDICADORES</b>	<b>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>
Favorecer a representación equitativa de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación (órganos colexiados, órganos non colexiados, coordinacións, dinamizacións, etc)	Porcentaxes de representación: Mulleres % Homes %	-Fichas de observación -Enquisas á Comunidade Educativa -Fichas de observación.
Nomear a unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.	Nomeada: 0 Si 0 Non	
Difundir o Plan de Igualdade entre a comunidade educativa.	Difundido: 0 Si 0 Non A que membros da comunidade educativa: - - -	
Promover e impulsar a formación do profesorado, do alumnado e as familias en materia de igualdade.	Número de accións realizadas: Nº de profesorado participante: X de Y Nº de alumnado participante: X de Y Nº de familias participante: X de Y	
Empregar unha linguaxe inclusiva, non sexista e igualitaria nas distintas tarefas do centro.	Conseguido: 0 Si 0 Non	

Colaborar e solicitar apoio por parte doutras entidades en materia de actividades coeducativas.	Solicitada: 0 Si 0 Non Entidades participantes: - -	
Concretar e organizar actividades arredor das seguintes datas: - 25 de novembro - Día Internacional da Non Violencia - 8 de marzo - Día Internacional da Muller	Conseguido: 0 Si 0 Non	
Revisar e actualizar o material didáctico con perspectiva de xénero.	Nº de materias revisadas:	
Revisar as programacións didácticas desde unha perspectiva de xénero, incluíndo a mulleres relevantes nos distintos ámbitos do saber.	Nº de programacións revisadas:	
Realizar actividades de sensibilización na aula.	Nº de actividades: Grupos implicados:	
Realizar actividades de información e sensibilización en colaboración coas familias.	Nº de actividades: Nº de familias implicadas:	
Realizar lecturas e recomendacións dende a biblioteca escolar para eliminar estes estereotipos.	Nº de libros e títulos sobre a temática:	
Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.	Publicación no blogue da biblioteca.	
Promover a corresponsabilidade na realización de tarefas.		
Promover actividades de titor/a-tutorizado/a onde o respecto e a convivencia sexa un eixe fundamental.	Actividades realizadas: -	
Promover metodoloxías activas		

participativas e cooperativas.		
--------------------------------	--	--

### **6.1.- AVALIACIÓN**

Para acadar os mellores resultados co desenvolvemento do plan de traballo vaise levar a cabo unha avaliación continua que nos permitirá saber se os obxectivos formulados están sendo os adecuados e se as actividades propostas son as correctas para conseguir os obxectivos propostos e así facer, de ser necesario, as modificacións oportunas. Valorárase o grao de implicación de cada un dos membros que compoñen a nosa comunidade educativa, así como a coordinación entre eles e o grao de aceptación das distintas propostas. Esta avaliación continua se complementará con unha avaliación final onde se valoren os resultados os resultados obtidos, as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grao de satisfacción coa experiencia. Para todo iso, emplearanse, entre outros, os seguintes métodos de avaliación:

- Revisión dos obxectivos e actividades plantexadas
- Avaliación das actividades propostas
- Reunión de seguemento cos titores
- Memoria do Proxecto.

Unha vez realizada a avaliación e a memoria do presente Plan, se incluírán no Plan de Mellora para o vindeiro curso aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora do seu desenvolvemento e a consecución de obxectivos.

O PRESENTE PLAN DE IGUALDADE FOI APROBADO POLO CLAUSTRO DE MESTRES, AVALIADA POLO CONSELLO ESCOLAR E APROBADA POLA DIRECCIÓN NAS XUNTANZAS CELEBRADAS O DÍA 10 DE DECEMBRO DE 2019.

A directora e Presidenta do Consello Escolar

Asdo.: Patricia M<sup>a</sup> Cons Formoso